

T
TEATRO
COLÓN
70
AÑOS

TEM- PADA /2018

**de outubro a
decembro**

**su-
ma-
rio**

outu- bro

- 9 4 de outubro.
Roy Ellis
- 10 13 de outubro.
Milladoiro
- 11 14 de outubro.
Festa da Música galega
- 12 19 de outubro.
Nunca os olvidaremos
- 13 20 de outubro.
Smoking room
- 15 21- 26 de outubro.
**SEMUA. III Semana das Músicas
no Audiovisual**

- 16 27 de outubro.
Smashed
- 17 31 de outubro.
Don Juan en el Infierno

novem- bro

- 19 1 de novembro.
Chucho Valdés. JAZZ Batá
- 20 2 de novembro.
**Porkulo / Una rosa es una rosa /
Quédate conmigo**
- 21 3 de noviembre.
Rodrigo Cuevas
- 22 7 de novembro.
Picasso: a ollada nas mans
- 23 9 de novembro.
Comedia de las mentiras
- 24 10 de novembro.
Pitingo
- 25 13 de novembro.
Audivisualismo
- 26 15 de novembro.
Maria Arnal e Marcel Bagés

- 27 16 de novembro.
Noa en concerto
- 28 17 de novembro.
Concurso Quero Cantar
- 29 22 de novembro.
Mulleres enredadas. Coplas e alalás
- 30 23 de novembro.
**Cultura contra a violencia
de xénero**
- 31 25 de novembro e 26 de novembro.
**Arnoia Arnoia:
O Circo da Casa Pequena**
- 32 30 de novembro.
Atlantic Pride

decem- bro

- 34 1 de decembro.
**A música electrónica se viste de
teatro**
- 35 2 de decembro.
A maxia de Jorge Blass
- 36 4 de decembro.
O Pazo é do Pobo!

- 37 7 de decembro.
Gala Torrente Ballester
- 38 9 de decembro.
**A Música da Coruña en
homenaxe a Sito Sedes**
- 39 13 de decembro.
El Niño de Elche
- 40 14 de decembro.
**Homenaxe 70 anos do
Teatro Colón**
- 41 15 de decembro.
Sandra Calderón
- 42 19 de decembro.
**Conservatorio de Danza da
Deputación da Coruña**
- 43 20 de decembro.
Chicago Mass Choir
- 44 21 de decembro.
Concerto de Nadal
- 45 22 de decembro.
Carlos Núñez en concerto
- 46 23 de decembro.
Furious Monckey House
- 47 27 de decembro.
Nacho Vegas en concerto

48 28 de decembro.
Contos na Lareira

xanei- ro

50 3 de xaneiro.
Pep Bou

51 4 de xaneiro.
Concerto de Reis



TEATRO
COLÓN
70
ANOS



OU-

TU-

BRO



SELECCIÓN
NOROESTE

MÚSICA



4 de outubro. 20:30H.

ROY ELLIS

EN CONCERTO



Especial inauguración Teatro Colón. De balde.

Entrada con convite. Os convites repartiranse no despacho de billetes do Teatro Colón e da Pza. Ourense.



Xeral

Aos seus 72 anos, Roy Ellis -Mr. Symarip- é o artista jamaicano da súa xeración que máis actuacións ofrece en directo. Volveu aos escenarios en 2007 e, desde entón, non parou de traballar. Editou sete discos en tres continentes distintos e actuou en multitude de países por todo o mundo. A historia de Ellis, que cantou gospel desde que era un neno (prodixio), remóntase á década dos 60 do século pasado, cando participou -primeiro tocando o trombón, logo como compositor e cantante- no grupo Symarip (anteriormente coñecido como The Pyramids), aventura que duraría ata finais dos 80. Con Symarip, abandeirado da música ska, sumándose ao auxe do movemento skinhead en Gran Bretaña, Ellis editaría en 1969 Skinhead Moonstomp, un dos discos de reggae máis vendidos da historia, con máis de sete millóns de copias despachadas. Afincado en Suíza desde os 80, onde forxou unha carreira en solitario dentro do gospel e o soul, esta volta ao reggae supúxolle unha segunda mocidade que lle permitiu reencontrarse cos seus vellos seguidores e con novos entusiastas do xénero. Todos eles veneran a unha lenda viva da música popular.

MÚSICA

ESTREA

Milladoiro Atlántico

13 de outubro. 20:30H.

MILLADOIRO

PRESENTA NOVO DISCO ATLÁNTICO



Platea e palco central: 18€. Palco lateral: 14€.

Principal: 11€. Principal VL: 8€.



Xeral

Velaquí Milladoiro. O Milladoiro de sempre e, ao mesmo tempo, un Milladoiro renovado, permanentemente renovado, consonte quen sabe que a identidade, que se constrúe con afouteza, intelixencia, talento e traballo, moito traballo, debe ser algo para revisar constantemente, *revisitar* deberíamos dicir, para que, como os vellos licores, decante e dea as mellores esenciais.

Sinfonía en doce tempos. Os antigos dicían que o Mar Maior empezaba fóra de puntas, alén dos freus e das illas, o Mar Antigo, horizontes abertos para respirar, mais tamén para afrontar o risco e a aventura, o camiño, que no noso caso é o roteiro do sol, dende as brañas mariñás a Terranova, dende Ortegal ao Támese e o Gran Sol, o Mar Céltico, co gaiteiro na ponte do navío e as gaivotas a sinalar o rumbo, coma aquel Xoán de Boimorto na nau de don Bartolomeu, nos días da Gran Descuberta.

Velaquí Milladoiro que nos convida a viaxar alén de nós, no mar da memoria e do tempo, o mar da saudade, esa luz diferente que marabilla o mundo e fala de nós dende as varandas derradeiras.

Asdo. Víctor F. Freixanes



De balde
ata completar o aforo.



Xeral

Coa participación de Coral Sporting Club Casino, Coral Follas Novas, Coral El Eco, Coral Cántigas da Terra, Unidad de Música del Cuartel General de la Fuerza Logística Operativa, Conservatorios Profesional e Superior da Coruña. Concello da Coruña

Un grupo de colectividades e de persoas vencelladas polo seu amor á música galega levan meses traballando na creación da Irmandade da Música Galega.

A Irmandade da Música Galega constitúese como grupo cívico cooperativo que abrangue profesionais da música, investigadores, colaboradores e colectividades que se reúnen co fin de traballar pola posta en valor, preservación, divulgación e dinamización da música patrimonial galega. Para conseguir ese fin, a Irmandade da Música Galega ten previsto realizar, entre outras actividades, actos públicos. O primeiro destes actos é o presente concerto, que inclúe obras dos máis importantes compositores galegos históricos e no que participan agrupacións emblemáticas da nosa vida musical.

A Festa da Música Galega supón un día histórico de presentación ao público da Irmandade da Música Galega no desexo e esperanza de que a súa creación sirva de axuda para estimularmos unha etapa de revalorización do noso patrimonio musical. Tamén co desexo, propósito e esperanza de que o noso traballo redunde nunha traxectoria futura da Irmandade da Música Galega desenvolvida con forza crecente e aglutinadora de todos aqueles que, conscientes da importancia do noso patrimonio musical, estean dispostos a traballar pola súa difusión, preservación e posta en valor. Facémolo desde o convencemento de que todo este traballo colectivo axudará a tomar conciencia aos diferentes estamentos da nosa sociedade da importancia identitaria que ten para Galicia a súa música.

MONÓLOGOS



19 de outubro. 20:30H e 22:30H.

NUNCA OS OLVIDAREMOS

CON DANI MATEO, RAÚL CIMAS E JJ VAQUERO



Platea, palco central e palco lateral: 23€.

Principal: 20€. Principal VL: 18€.



Adulto

Por primeira vez xúntanse sobre as mesmas táboas e baixo o mesmo teito estes tres grandes da comedia: Dani Mateo, Raúl Cimas e JJ Vaquero. Tres personalidades moi diferentes, tres formas de non parar de rir, tres puntos de vista.

Dani Mateo é o presentador de 'Yu: no te pierdas nada' na cadea '40 Principales'. Así mesmo, é colaborador de 'El Intermedio'. Actualmente é unha referencia da stand-up española.

Raúl Cimas é guionista e actor de 'La hora chanante', 'Muchachada Nui' e 'Museo Coconut'. Ademais ten unha dilatada traxectoria como ilustrador e como creador de pezas audiovisuais como 'Cine low cost', 'Ciudadano Juanca' e a vídeo serie 'Desmontando a Dani Martín'.

JJ Vaquero é guionista e colaborador de 'El Hormiguero', guinista de 'Los Goya' e de 'No es un sábado cualquiera' de TVE e colaborador xunto con Raúl Cimas de 'Cero en Historia'. Ademais, escoitámolo en programas de radio como 'Yu: no te pierdas nada' ou 'Lo major que te puede pasar'.

Os tres son cómicos referentes e habituais de 'El Club de la Comedia' e viñeron a dalo todo sobre o escenario.



20 de outubro. 20:30H.

SMOKING ROOM

CON CARLOS CHAMARRO, SECUN DE LA ROSA, PEPE OCIO, CANCO RODRÍGUEZ,
NICO ROMERO E FELIPE G. VÉLEZ. DIRECTOR: ROGER GUAL



Platea e palco central: 26€. Palco lateral: 22€.

Principal: 18€. Principal VL: 16€.



Xeral

A sucursal española dunha empresa americana é obrigada a pór en vixencia a prohibición de fumar dentro das súas oficinas. A partir dese momento, quen queira fumar en horario laboral deberá facelo na rúa. Ramírez, un dos empregados desta pequena oficina composta principalmente por homes, decide empezar a xuntar sinaturas contra o que considera inxusto e fóra de lugar. O que pretende Ramírez é que se utilice unha sala desocupada na oficina como sala de fumar. Ou “Smoking Room”, como din os americanos. En aparencia, todos están de acordo e van apoiar. Con todo, no “tête a tête” con cada un dos empregados, Ramírez atópase cunha serie de escusas para evitar formar parte desa listaxe. O certo é que a maioría de escusas para non asinar na listaxe da smoking room esconden outras. A partir desta situación, vemos que case todos teñen algo que ocultar. Ramírez manterase inconsciente en case todos os casos. A obra de teatro mostra en diferentes planos a batalla de cada un cos seus propios problemas. Este mundo de pequenas intrigas acabará explotando e producindo as súas vítimas.

MÚSICA/
AUDIOVISUAL

CINEMA
EXPERIENCE

SEMUA

III SEMANA DAS
MÚSICAS DO
AUDIOVISUAL



A CORUÑA - 21/26 OUTUBRO 2018

www.academiagalegadoaudiovisual.gal
#SEMUA18



Academia
Galega do
Audiovisual



SINFÓNICA
DE GALICIA



BMMC
BANCO MÚSICAL
DE GALICIA



COLABORAN:

musimagen



fundación eac



CGAI



VIDEO 40



abano



PELUSA

21- 26 de outubro. 10:00H.

SEMUA

III SEMANA DAS MÚSICAS NO AUDIOVISUAL

ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL COA ORQUESTRA SINFÓNICA DE
GALICIA E A BANDA MUNICIPAL DA CORUÑA



Banda de Música Municipal de A Coruña: De balde
OSG: 10€



Xeral

A SEMUA, Semana das Músicas do Audiovisual, é un festival singular que, baixo a dirección artística do compositor Nani García, dá protagonismo ás **música para cinema, televisión e outros medios audiovisuais**, difundindo as mellores composicións en cada xénero. Esta terceira edición terá lugar do 21 ao 26 de outubro e contará cun programa de clases maxistras e conferencias dirixidas a profesionais do sector, así como concertos didácticos para os máis pequenos a cargo da Banda Municipal. A Semuá dedicará unha especial atención á figura de José Nieto, autor referencial que traballou cos máis prestixiosos cineastas españois e internacionais. Poderase gozar no CGAI-Filmoteca de Galicia do visionado de dous dos seus traballos comentados polo propio Nieto. Para pór o ramo, o venres 26 de outubro, a OSG ofrecerá un concerto no Teatro Colón no que se interpretarán algunhas das principais partituras de José Nieto así como temas de compositores galegos como Xavi Font, Sergio Moure, Manuel Conde, Manuel Riveiro ou o propio Nani García.

DOMINGO 21

12h00 - 12h50. Concerto en Familia.

Interpretado pola Banda de Música Municipal de A Coruña.

LUNS 22

10h00 - 10h50. Concerto Didáctico.

Destinado a alumnos de diferentes centros educativos de A Coruña. Interpretado pola Banda de Música Municipal de A Coruña.

17h00 - 20h00. Obradoiro Musimagen.

“A Lei de Propiedade Intelectual na contorna dixital actual”. Impartido por Darío Palomo.

MARTES 23

10h00 - 10h50. Concerto Didáctico.

Destinado a alumnado de diferentes centros educativos de A Coruña. Interpretado pola Banda de Música Municipal de A Coruña.

17h00 - 20h00. Masterclass

“A Composición Musical para Videoxogos”.

Impartido por Vicent Tobar.

EN FAMILIA

CIRCO
CONTEMPORÁNEO



Platea e palco central: 14€. Palco lateral: 10€.

Principal: 8€. Principal VL: 6€.



Xeral

Considerados os reis do malabarismo e sempre na vangarda do circo contemporáneo, Gandini Juggling estrean na Coruña Smashed.

Smashed: 80 mazás, 9 malabaristas e 4 xogos de té nun espectáculo inspirado no tanztheatre de Pina Baush, unha serie de viñetas como vellas fotografías, reminiscencias de guerras mundiais, relacións tensas, perda do amor e a inocencia e o estraño encanto dun té a media tarde.

En Smashed, a manipulación da froita prohibida dota dun sagaz enfoque das retortas relacións entre sete homes e dúas mulleres, que amablemente esfolan o malabarismo tradicional e o circo contemporáneo.

Unha serie de fílmicas escenas nostálxicas que exploran o conflito, as tensas relacións, a perda do amor e o té da tarde. Inspirado no traballo da gran coreógrafa Pina Bausch, dirixido por Sean Gandini e Kati Ylä-Hökkala, os cales toman prestados elementos da súa coreografía xestual e combínanos con intrincados patróns e fervenzas en solitario, así como malabares de conxunto.

GANDINI JUGGLING

Formada en 1992 polos malabaristas de renome mundial Sean Gandini e Kati YläHökkala, Gandini Juggling continua estando na vangarda do circo contemporáneo, reinventando e revigorizando o malabarismo do século XXI.

ESPECIAL DÍA
DIFUNTOS

CONCERTO
DRAMATIZADO

DON JUAN EN EL INFIERNO

DON JUAN MACHI SALGADO Y CON GRIAL MONTES JAVIER CASTIÑEIRA

MARIO RODRÍGUEZ Y ANA AREAN

BAILARÍN Y COREÓGRAFO JUAN M. HERNÁNDEZ BAILARÍN GERMÁN FLORES

DIRECTOR MUSICAL ROGELIO GROBA DIRECCIÓN DE ESCENA Y TEXTO ADAPTADO JAVIER F. MARINO

CONCIERTO DRAMATIZADO
ORQUESTA DE CÁMARA GALEGA

31 de outubro. 11:00H función escolar. 20:30H función pública.

DON JUAN EN EL INFIERNO



Platea e palco central: 18€. Palco lateral: 14€.

Principal: 11€. Principal VL: 8€.



Xeral

Catrocentos anos separan a aparición do primeiro Don Juan de Tirso de Molina dos nosos días. Ao longo de todo este tempo, a maior necesidade de dar un xiro brusco a esta figura xéstase nos últimos anos nos que a sensibilidade xerada desde a repulsión que produce na nosa sociedade o comportamento e modos deste personaxe, fainos ver á figura do Don Xoán como un ser absolutamente reprobleable.

Aínda que, uns douscentos anos despois de primeiro, o Don Xoán de Zorrilla logra a redención tras o seu arrepentimento, liberado da súa eterna penuria “pola súa” Dona Inés, parece necesaria unha visión menos paternalista da historia.

A Orquestra de Cámara Galega presenta unha proposta que é un enxerto, unha hipérbole no preciso instante anterior á redención que lle ofrece Zorrilla alá polo 1844. Durante a representación do 2018, Don Xoán terá a oportunidade de vivir o tormento que propiciou á súa contorna desde unha perspectiva actual.

Este espectáculo musical pretende levar o Don Xoán aos infernos, a percorrer atormentado a súa propia historia desde o punto de vista das súas múltiples vítimas, devolvéndolles a voz a través da música con chiscadelas ou referencias desde a danza e a interpretación.

The background of the entire image consists of horizontal stripes in a rainbow color palette: light blue, green, yellow, light green, light blue, pink, light pink, light green, yellow, light orange, light purple, light blue, and pink.

NO-

VEM-

BRO

BIODIVERSIDADE

MÚSICA

1 de novembro. 20:30H.

CHUCHO VALDÉS

JAZZ BATÁ



Platea e palcos: 26€.

Principal: 22€. Principal VL: 20€.



Xeral

Gañador de nove premios Grammy (seis Grammy awards e tres Grammy latinos) e acreedor de moitas distincións, Dionisio Jesús “Chucho” Valdés Rodríguez é natural de Quivicán, La Habana, Cuba.

Jazz Batá é o nome do novo proxecto deste gran pianista cubano. Trátase dun novo cuarteto de piano, contrabaixo e dous espectaculares sets de percusións, no que Chucho recupera o espírito dun dos seus discos máis importantes da súa carreira (“Jazz Batá, 1972).

TEATRO

#CORUFEST

2 de novembro. 20:00H.

PORKULO

E AS MICRO OBRAS: "UNA ROSA ES UNA ROSA" E "QUÉDATE CONMIGO"



10€



Adulto

Corufest nace na Coruña (Galicia) como un Festival de Artes Escénicas que aposta pola programación de accións que dean visibilidade á liberdade afectivo-sexual e que sexa lugar de reflexión, diálogo cultural e inclusión social.

corufest ten o respaldo do Concello da Coruña, Deputación da Coruña, Teatro Colón, Fundación Luís Seoane e Teatro Rosalía de Castro para a realización da primeira edición en maio do 2019. O primeiro fin de semana de novembro do ano 2018, presentaremos un aperitivo da primeira edición con eventos que se desenvolverán na Fundación Luís Seoane e Teatro Colón da Coruña. Aí, presentaremos a nosa imaxe en sociedade e contarémvos noticias importantes de fronte ao # CORUFEST 2019.

Corufest non só aposta por unha forte programación dentro do social, tamén ten un claro rigor artístico. Miraremos cara a dentro da Comunidade galega, que ten un gran peso en temas de diversidade dentro das artes escénicas, pero tamén cara a fóra, dentro do territorio nacional, onde se producen pezas escénicas de gran valor tanto social como artístico.

corufest quere arrincar a súa programación, incluíndo dentro da mesma o Espazo ALAS COLECTIVO LGTBI+: Onde se exhibirá unha peza elixida polas colectivo ALAS da Coruña.

#CORUFEST

CONCERTO

3 de novembro. 20:30H.

RODRIGO CUEVAS

EL MUNDO POR MONTERA



10€



Adulto

CORUFEST - TEATRO

Percorrido polo Teatro Colón onde, en diferentes puntos, desenvólvense accións sobre a liberdade e diversidade afectivo sexual

Porkulo. El cisne que aprendió a combatir

Érase unha vez o ano... non nacemos homes nin mulleres, nin sequera nacemos nenos ou nenas. Así arrinca PORKULO, o cisne que aprendeu a combater.

Obras de Microteatro:

Una rosa es una rosa

Quédate conmigo

CORUFEST - MÚSICA

Rodrigo Cuevas presenta **“El mundo por montera”**.

No seu segundo espectáculo en solitario fai una chamada de atención sarcástica en formato zarzuela BUFA. Feito en Asturias para o mundo. Un show no que mostra o seu universe: un mundo tradicional, rural, excéntrico pero tamen urbano, crítico e tecnolóxico.

DE
FESTIVAIS

FESTI=2018



7 de novembro. 20:30H.

PICASSO: A OLLADA NAS MANS

COA BANDA MUNICIPAL DA CORUÑA



De balde
ata completar o aforo.



Xeral

Espectáculo producido pola Fundación Emalcsa e a Concellaría de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña co fin de fomentar o teatro e a danza inclusiva profesional. O espectáculo xira arredor das etapas artísticas máis salientables de Pablo Picasso, en torno a un director de teatro na procura dunha nova historia e unha das súas mulleres que amosa o estudo agora cheo de po. En medio aparecen pouco a pouco as personaxes das súas obras, destacando a súa nenez, a etapa azul en París, a época rosa, o Cubismo e rematando co famoso Guernica e a pomba da paz como símbolo dunha nova época na vida do autor. Trátase dun espectáculo inclusivo profesional onde están en escena artistas con e sen diversidade funcional nunha linguaxe onde se mesturan danza contemporánea, teatro, novo circo, audiovisuais e música en directo. A compañía entra na súa xira cunha proposta de 65 persoas en escena onde colaboran a banda municipal de música da Coruña con 45 músicos e unha peza sen banda máis fácil para realizar en teatros que non teñan as medidas necesarias para poder realizar o espectáculo.



Platea e palco central: 26€. Palco lateral: 22€.

Principal: 18€. Principal VL: 16€.



Xeral

Atenas. Dous irmáns, Hipólita e Leónidas, están namorados. Ela dun mozo chamado Tíndaro, el dunha moza chamada Ximnasia, que, con todo, é... frautista. Pero nin Tíndaro nin Ximnasia son as parellas que o pai de Hipólita e Leónidas, un avaro recalcitrante, comerciante de viños, panos e iras, desexa para os seus fillos. Actualmente, atópase de viaxe de negocios. E deixou a cargo da casa a súa irmá Cántara, a tía solteirona que leva máis de corenta anos agardando a Filemón, o seu amor de mocidade, que un día saíu mercar figos e xa non volveu.

Hipólita quere fuxir con Tíndaro, non sen antes conseguir a dote que o seu pai se nega a pagar. Como conseguilo? Mentindo.

Leónidas quere fuxir con Ximnasia porque un tal Degollus, xeneral macedonio, comprouna para o seu uso e goce, e pretende levarlla. Como conseguilo? Mentindo.

Calíodoro, escravo para todo, que coidou e viu medrar os dous irmáns, que, como di el mesmo «só lle faltou darlles a teta», vese obrigado a axudalos. Como? Mentindo.

Mentres tanto, Cántara, despois de tantos anos de abstinencia, decide pasar de todo e botarlle peito ao se namorar dun mozo chamado Titinio, que na realidade non se chama Titinio, porque Titinio mente.

E aparece Degollus, que tampouco resulta ser quen di ser, porque, claro, el tamén mente.

E a todas estas mentiras, sumémoslles moitos piratas e un vello chamado Póstumo, e a Tiberia, sempre fígona e rabiosa, e unha nai misteriosa, que non se sabe moi ben que foi dela, e unhas cantas luriñas, e peras, moitas peras, e os marabillosos versos de Safo, e aínda máis mentiras. Mentiras todas elas urdidas para que o sangue non chegue ao río e triunfe o amor.

MÚSICA

BIODIVERSIDADE



10 de novembro. 20:30H.

PITINGO

PRESENTACIÓN MESTIZO Y FRONTERIZO



Platea e palco central: 35€. Palco lateral: 30€.
Principal: 25€. Principal VL: 23€.



Xeral

... “MESTIZO Y FRONTERIZO”... Unha superproducción, ao máis puro estilo americano, que non podes perder!

Contra o racismo e coa música pola interculturalidade.

Ninguén ata Pitingo tivo esa dobre bagaxe flamenca e “souleira” de entidade. Iso, unido a unhas asombrosas facultades artísticas, que o dotaron dun talento vocal incomparable, un indiscutible dominio da escena e o seu aspecto inconfundible, converteron Pitingo en parte do imaxinario español, e abríronlle as portas ao mundo.

Pitingo é un mozo que reinventa os canons do flamenco con afinación, compás e coñecemento. Unhas credenciais a que engade a súa fecunda inventiva, para facer dunha emocionante idea, “o soul a ritmo de bulerías”, unha marabillosa realidade: “A SOULERÍA”

Pitingo regresa aos escenarios de todo o mundo para estrear o seu novo traballo discográfico “Mestizo y fronterizo”. Para abrir boca, Pitingo preséntase cun primeiro single xunto a Sam Moore, lenda viva do Soul, para revisar o seu éxito Internacional “Soul Man” no seu 50 aniversario. A canción gravouse nos míticos estudos Criteria de Miami baixo a produción do recoñecido compositor e produtor internacional Rudy Pérez.

CINEMA
EXPERIENCE

MÚSICA/
AUDIOVISUAL

13 de novembro. 20:30H.

AUDIVISUALISMO

NANI GARCÍA TRÍO COA BANDA MUNICIPAL DA CORUÑA E OS CONVIDADOS

MATTHEW SIMON E ROBERTO SOMOZA



Platea e palco central: 14€. Palco lateral: 10€.

Principal: 8€. Principal VL: 6€.



Xeral

O espectáculo xira arredor dunha composición de Nani García “Audiovisualismo” con acompañamento de proxección, que abrirá

o concerto seguido de varios arranxos de temas emblemáticos do jazz, como Take Five de Paul Desmond ou Caravan de Juan Tizol e Duke Ellington, así como varios temas máis orixinais de Nani García.

Nani García, piano. Simón García, contrabaixo. Miguel Cabana, batería. Matthew Simon, trompeta solista. Roberto Somoza, saxo tenor.

A Banda Municipal da Coruña conforma unha big band de 15 músicos dirixidos por Juan José Ocón.

MÚSICA

SELECCIÓN
NOROESTE

15 de novembro. 20:30H.

MARIA ARNAL E MARCEL BAGÉS



Platea e palco central: 18€. Palco lateral: 14€.

Principal: 11€. Principal VL: 8€.



Xeral

Co seu álbum de debut, “45 cerebros y 1 corazón” (Fina Estampa, 2017), incluído nas listaxes dos mellores discos de 2017 nos medios máis influentes do sector, Maria Arnal i Marcel Bagés deixaron de ser unha promesa para se converteren nunha das realidades máis sólidas da música. Foi, abofé, un paso de xigante na fulgurante traxectoria dun dúo que conta os seus directos por abducións e que, a partir dunha feiteiceira mestura de emoción, actitude e talento, deixa un rastro de seguimento incondicional alá onde pasaren.

O abafador eloxio da crítica ao seu primeiro traballo foi tamén secundado por premios como o Ciutat de Barcelona de Música, o Premi Altaveu ou o Premio ARC ao artista revelación. Desde a publicación de “45 cerebros y 1 corazón” en abril de 2017, Maria Arnal i Marcel Bagés ofreceron máis de 70 concertos, esgotando entradas en Barcelona, Madrid, Zaragoza, Burgos ou A Coruña, onde agora regresan para enmeigaren o público do 32 Noroeste Estrella Galicia a ritmo do seu magnético folk, íntimo e comprometido. Con el visitaron tamén Francia, Portugal, Rusia, Bulgaria e Casaquistán, demostrando que a autoría encaixa á perfección no seu proxecto de continuación da cadea de transmisión da música popular.

BIODIVERSIDADE

MÚSICA

16 de novembro. 20:30H.

NOA EN CONCERTO



Platea e palco central: 40€. Palco lateral: 35€.

Principal: 28€. Principal VL: 25€.



Xeral

Achinoam Nini “NOA” volve a España e faino cargada de novidades.

A cantante israelí atópase inmersa actualmente na publicación do que será o seu novo disco e que verá a luz ao longo do mes de setembro.

Trátase dun álbum moi especial baseado en temas de Bach, cuxo título se coñecerá proximamente e que será presentado na Coruña o próximo día 16 de novembro.

Un concerto a dúo, no que Noa estará acompañada polo seu inseparable e gran guitarrista Gil Dor, a quen coñeceu estudando na escola Rimón de Jazz e Música Contemporánea en 1990 e que se convertería no seu compañeiro de dupla desde entón ata o día de hoxe.

Unha cita na que interpretarán tamén algúns dos temas máis destacados da cantante.



17 de novembro. 18:00H.

CONCURSO QUERO CANTAR



De balde
ata completar o aforo.



Familiar

Por terceiro ano, o concurso Quero Cantar de música infantil e xuvenil dispónse a celebrar a gala, na que se coñecerán as formacións vencedoras das dúas categorías: infantil (até 12 anos) e xuvenil (entre 13 e 16 anos). Na pasada edición o premio viviu a súa consolidación grazas ao enorme éxito e difusión que tiveron as cancións das bandas gañadoras: a xuvenil Máis boas cás patacas e a infantil Os nenos da vella.

Máis información na web queroecantar.gal

CONTRA
VIOLENCIA DE
XÉNERO

MÚSICA



22 de novembro. 20:30H.

MULLERES ENREDADAS. COPLAS E ALALÁS

CON CARMEN PARÍS, MARTIRIO, UXÍA E UGIA PEDREIRA



Platea e palco central: 20€.

Palco lateral: 18€.

Principal: 14€. Principal VL: 12€.




Xeral

Este espectáculo nace co fin de promover, fomentar e difundir a arte como encontro; estreitar o coñecemento e a experiencia destas cantoras que revisitan a copla, a jota ou os alalás. Catro mulleres que reinventaron e revolucionaron estes xéneros e lles deron unha nova vida e unha nova visión desde o risco, a experimentación e a creación de novos contidos e arranxos que entroncan co jazz e outras músicas facendo que chegue a outra audiencia.

A afinidade que senten ven dada polo atrevemento, a solidez e o humor cos que elas enfrontaron este reto. Diríase que son almas xemelgas de universos culturais diferentes, o que fará que o espectáculo sexa unha festa da música de raíz e da irmandade.

O jazz flamenco de Martirio, e a voz atlántica de Uxía, a forza maña de Carmen París e a orixinalidade poética de Ugia Pedreira reúnen para celebrar a madurez artística das catro.

CONTRA A VIOLENCIA



23 de novembro.

CULTURA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



De balde
ata completar o aforo.



Xeral

As áreas de Cultura e de Igualdade da Deputación da Coruña organizan esta proposta en que diferentes creadoras do panorama galego desenvolven performances especificamente pensadas para o espazo do Teatro Colón. Movemento, corpo, interacción co público, discurso... para combater desde a cultura o feminicidio. Arte contra a violencia machista e como ferramenta de sensibilización e denuncia social.

CIRCO
CONTEMPORÁNEO

Arnoia Arnoia O CIRCO

EN FAMILIA

25 de novembro. 12:00H e 19:00H funcións públicas.

26 de novembro. 11:00H función escolar.

ARNOIA ARNOIA: O CIRCO DA CASA PEQUENA

EN COPRODUCCIÓN CO CDG



Platea e palco central: 14€. Palco lateral: 10€.

Principal: 8€. Principal VL: 6€. Escolares: 3€



Familiar / Escolar

Un espectáculo de teatro-circo que dirixirá Quico Cadaval e que está baseado na peza de Arnoia Arnoia de Méndez Ferrín e no imaxinario do autor.

Pistacatro prepárase, en coproducción co Centro Dramático Galego (CDG), para o que será o seu novo proxecto Arnoia Arnoia: o Circo da Casa Pequena. Un espectáculo de teatro-circo que dirixirá Quico Cadaval e que está baseado na peza de Arnoia Arnoia de Méndez Ferrín e no imaxinario do autor.

Sinopse: O Circo da Casa Pequena presenta a historia de Nmonadah, adolescente que con 16 anos perde os seres queridos nunha guerra. Os sanguinarios Veciños asasinan á Nai Loretta.

Vese só para iniciar um camiño asexado por perigos que adquiren as formas luminosas e inquietantes dos artistas de circo: acrobatas, malabaristas excéntricos, escapistas, fakires, aeristas e clowns.

ATLANTIC PRIDE

30 de novembro. 21:00H.

ATLANTIC PRIDE



De balde
ata completar o aforo.



Xeral

“Atlantic Pride” quere ser unha gran celebración LGTBI do norte da península onde se una o activismo, a educación, a historia, a cultura e o lecer en prol da visibilidade e a normalización do noso colectivo.

Nesta primeira edición consistirá nun concerto moi especial e festivo para todas as xentes da Coruña.



DE-

CEM-

BRO



DE FESTIVAIS/
AUDIOVISUAL/
ELECTRÓNICA

FANZINE FEST

1 de decembro. 20:30H.

A MÚSICA ELECTRÓNICA SE VISTE DE TEATRO

FANZINE FEST PRESENTA BYTONE, SONIC ROBOTS E DOUGLAS DARE



Anticipada: 10€. En taquilla: 15€.



Xeral

O Fanzine Fest 2018 marca o décimo aniversario do proxecto Fanzine e para iso damos un paso adiante, creando unha experiencia multidisciplinar de vangarda audiovisual que buscan a experiencia única do universo sensorial nun marco de elegancia. O Teatro Colón convértese nun espazo de reverencia contemporáneo con tres propostas do máis alto nivel no ámbito da música e do audiovisual electrónico.

Douglas Dare, cunha actuación a solo de piano, Moritz Simon Geist aka Sonic robots cun show no que os robots e mecanismos serán os protagonistas e Byetone, co seu afamado show audio-vídeo, serán os tres artistas elixidos para inaugurar o Fanzine Fest 2018 nun espazo único como o Teatro Colón. Tres propostas musicais diferentes cunha liña común vangardista tanto na súa concepción como na súa forma de execución.

MAXIA

EN FAMILIA

2 de decembro. 19:00H.

A MAXIA DE JORGE BLASS



Platea e palcos: 22€.

Principal: 18€. Principal VL: 16€.



Familiar

Visualmente espectaculares, aparicións e desaparicións, levitacións imposibles, maxia interactiva no que o público é o protagonista. Todo nun halo de misterios e dunha estética coidada que nos fará soñar co imposible. Segundo a estrela americana da maxia David Coperfield “Jorge Blass eleva a arte da maxia a outro nivel”. O mestre Juan Tamariz afirma que “A súa maxia é distinta, espectacular”. Neste espectáculo, o público sorprenderase coas súa extraordinaria maneira de facer maxia. Jorge Blass creará ilusións con tecnoloxía do século XXI, un dron como axudante e moitas cousas máis.

O PAZO É DO POBO

4 de decembro.

O PAZO É DO POBO!

GALA ARTÍSTICA POLA DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS AO
POBO GALEGO.



De balde
ata completar o aforo.



Xeral

Desde a Xunta Pro-Devolución do Pazo de Meirás e a propia área de Cultura da Deputación da Coruña organízase un acto cultural de reivindicación en favor da devolución do Pazo de Meirás ao pobo galego. Diferentes artistas do campo musical e escénico unen as súas voces nun espectáculo colectivo pensado para esta data, en que se cumpren 80 anos do espolio do Pazo.

GALA TORRENTE BALLESTER



37



9 de decembro. 20:30H.

A MÚSICA DA CORUÑA EN HOMENAXE A SITO SEDES



De balde

Entrada con convite. Os convites repartiranse no despacho de billetes do Teatro Colón e da Pza. Ourense.



Xeral

Sito Sedes é un mito da música galega. Unha voz elegante, preciosista. Para moitas xeracións, sinónimo de verdadeira emoción dende o alto do palco da festa.

Sempre quixo ser cantante. E culminou ese soño -felicidade total- na orquestra das orquestras: Os Satélites.

Criouse en Sillobre (e quéreo moito). Mais a súa forma de interpretar, a súa estética, está plenamente identificada con esta cidade.

Era ben tempo de lle entregar unha gran aperta colectiva de cariño a quen tanta beleza nos ten regalado. Sito Sedes -xunto co seu mestre, Pucho Boedo- a máis alta expresión da escola da canción coruñesa.

SELECCIÓN
NOROESTE

MÚSICA

13 de decembro. 20:30H.

EL NIÑO DE ELCHE



Platea e palco central: 18€. Palco lateral: 14€.

Principal: 11€. Principal VL: 8€.



Xeral

Cantaor multidisciplinar e exflamenco, soubo xuntar nas súas variadas propostas artísticas xéneros ou disciplinas como o flamenco, a electrónica, a literatura, a performance, a poesía fonética, o rock, a canción de autor ou a música contemporánea, entre outras. Entre a súa produción discográfica (os álbums “Strates” ou “Sí, a Miguel Hernández”, e o seu proxecto en común con Toundra, a banda Exquirila) o seu último traballo publicado, “Voces del Extremo” (2015), situouno no punto de mira mediático: con el obtivo o Premio Ruído da Asoc. de Prensa Musical e foi disco do ano para medios especializados como Rockdelux, El País ou Radio3. Con este proxecto participou en festivais como Womex, Manchester Jazz Festival, Les Transmusicales, Womad ou Sónar.

O novo proxecto de NIÑO DE ELCHE —dirixido polo artista Pedro G. Romero e producido por Raúl Fernández “Refree”— sorprende baixo o nome de “Antología del canto flamenco heterodoxo”. Composta por 27 pezas, esta antoloxía recolle as influencias flamencas do cantaor reinventadas en crebacabezas sonoros.



14 de decembro. 20:30H.

HOMENAXE 70 ANOS DO TEATRO COLÓN

HOMENAXE



De balde

Entrada con convite. Os convites repartiranse no despacho de billetes do Teatro Colón e da Pza. Ourense.



Conferencia / cine

Unha homenaxe aos 70 anos dun dos teatros máis emblemáticos de Galicia: o Teatro Colón. Un percorrido pola súa historia da man dalgúns dos seus protagonistas e alusións á filosofía coa que naceu o teatro.

ESTREA

MÚSICA

15 de decembro. 20:30H.

SANDRA CALDERÓN

PRESENTA DISCO DESDE EL ALMA



Platea e palco central: 14€. Palco lateral: 10€.

Principal: 8€. Principal VL: 6€.



Xeral

“Desde el Alma” é o primeiro traballo discográfico da artista coruñesa Sandra Calderón que, dende o alma, ofrecerá un espectáculo flamenco que dialogará coa danza nas súas distintas expresións. Trátase dun encontro cultural no que quedará patente o esforzo da artista a través das súas colaboracións con fundacións contra o racismo e a discriminación e o apoio aos refuxiados. Sandra Calderón promete unha noite máxica de paixón con sorpresas.

DEPUTACIÓN
DA CORUÑA



19 de decembro.

12.00H función escolar. 20.30H función pública.

CONSERVATORIO DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

MUSEO



De balde
ata completar o aforo.



Xeral

A pintura e a escultura son a fonte de inspiración para a posta en escea, recreando imaxes ou momentos que toman vida na nosa imaxinación ao contemplar unha paisaxe, unha mirada ou calquera outra expresión plasmada no conxunto artístico que imos descubrindo na nosa visita ao museo.

As musas das artes nos inspiran a sentir co noso corpo, a través da música e da danza, todo tipo de emocións.

NADAL NO
COLÓN

MÚSICA
GOSPEL

20 de decembro. 20:30H.

CHICAGO MASS CHOIR

PRESENTA CONNECTING SOULS



Platea e palcos: 26€.

Principal: 22€. Principal VL: 20€.



Xeral

Premio Stellar Award Mellor Coro de Gospel Tradicional 2107.

The Chicago Mass Choir, fundado en 1988 por James C. Chambers, emocionou audiencias de todo o mundo coa beleza das súas voces, a contaxiosa enerxía do seu ritmo e as súas conmovedores cancións de esperanza.

Polo menos 16 das súas producións alcanzaron as listas de éxitos de gospel de Billboard. Foron nomeados ou premiados aos Grammy, Dove ou Stellar Awards en numerosas ocasións.

Colaboraron cunha gran variedade de artistas en producións de primeira fila: Bob Dylan en Gotta Serve Somebody. Umphrey´s Mc Gee. A banda grega Onirama. Dr. Bobby Jones Show. Three Mo Tenors, musical. The Colored Purple, musical.

Colabora anualmente co Festival de Gospel de Chicago e actúa con regularidade no French Quarter Festival de Nova Orleans, así como no Staple Center de Los Ángeles.



MÚSICA

NADAL NO COLÓN

21 de decembro. 20:30H.

CONCERTO DE NADAL

ORQUESTRA GAOS



Platea e palco central: 14€. Palco lateral: 10€.
Principal: 8€. Principal VL: 6€.



Xeral

A Orquesta Gaos xunto cos seus coros celebrará o Nadal cun concerto moi especial. Un programa que fará un percorrido polos musicais máis famosos da historia da música: Os miserables, O fantasma da ópera, Sorrisos e bágoas, Annie... entre outros. Máis de 150 intérpretes para darlle a benvida ao Nadal con boa música.

NADAL NO
COLÓN

MÚSICA

22 de decembro. 20:30H.

CARLOS NÚÑEZ EN CONCERTO



Platea e palco central: 25€. Palco lateral: 23€.
Principal: 19€. Principal VL: 17€.



Xeral

Carlos regresa a casa este ano nunha xira única dende mediados de novembro ata principios de abril pasando polos principais escenarios do país.

Esta xira vai estar baseada no primeiro libro escrito por Carlos, “La Hermandad de los Celtas”, que se presenta o 25 de setembro coas dúas primeiras edicións xa esgotadas só en preventas. Un libro no que nos conta a súa visión do celta como unha utopía milenaria que, dende hai séculos, creou un imaxinario universal que hoxe segue sendo unha inesgotable fonte de inspiración artística.

O libro analiza a música celta dende múltiples perspectivas: histórica, musicolóxica, cultural, etc., e aborda aspectos moi diversos: a súa relación con outras músicas e estilos, as súas formas, os instrumentos característicos da súa interpretación, o seu ámbito territorial de expansión e influencia, etc.

Ao tempo, narra numerosas experiencias persoais relacionadas coa súa actividade como intérprete da devandita materia e cos seus contactos con gran número de expertos no tema dende distintas disciplinas: músicos, historiadores, antropólogos, cronistas, etc.

Co espírito pedagóxico - pero sen perder un ápice do sentido do espectáculo -, o que nos ten acostumados, Carlos desgranará estos sorprendentes descubrimentos a través de novas músicas.



23 de decembro. 19:00H.

FURIOUS MONCKEY HOUSE

PRESENTACIÓN DO SEU SEGUNDO DISCO: LOVE, SCUM & DUST



10€



Xeral

Furouis Monkey House é unha banda formada por 5 rapaces de Pontevedra de entre 14 e 16 anos... e un mono furioso. Un proxecto alucinante que naceu na clase de música e levou a Mariña (voz), Carlota (batería), Amaya (teclados), Irene e Diego (guitarra) e o mono (baixo) a gravar o seu primeiro traballo, Run (Esmerarte/ AtresMúsica 2015), nos famosos estudos de Abbey Road e Planta Sónica.

Desde entón, Furious Monkey House están a deixar coa boca aberta ao mundo cunha calidade alucinante sobre o escenario e o seu repertorio de cancións pop e rock de aires noventaños que emocionan a nais e pais que foron fans de Nirvana, Pixies ou Smashing Pumpkins, e a nenos de todas as idades con ganas de bailar.

Xa tocaron en grandes escenarios como o Primavera Pop, O Son do Camiño ou o Festival PortAmérica, e o fenómeno Furious Monkey House arrasa en medios de alcance nacional como Sesiones Ligeras, Roomies, Los 40, Jotdown Magazine, Radio 3 ou El País. Ademais, os nosos adictos aos plátanos compuxeron “Life into the wild”, o tema principal da película Zipi e Zape.

NADAL NO
COLÓN

MÚSICA



27 de decembro. 20:30H.

NACHO VEGAS EN CONCERTO

PRESENTA NOVO DISCO



Venta anticipada 20€. Taquilla 25€.



Xeral

NACHO VEGAS é, a día de hoxe, un dos artistas máis consolidados e respectados do noso país. Nos escenarios desde os anos noventa con grupos como Eliminator Jr ou Manta Ray, comezou a súa carreira en solitario en 2001 co selo independente madrileño Limbo Starr mentres

paralelamente formaba o grupo Lucas 15 con outros músicos asturianos. Con este selo publicou o seu primeiro disco en solitario, “Actos inexplicables” (2001).

Desde que comezou a súa traxectoria en solitario, Nacho Vegas publicou varios discos e EP, e tamén fixo destacadas colaboracións, como “El tiempo de las cerezas” con Enrique Bunbury (2006) ou “Verano Fatal” (2007) con Christina Rosenvinge.

O pasado mes de xuño, Nacho Vegas editou ‘Violética’ (Marxophone, 2018). O álbum contén 18 temas e conta con diversas colaboracións, entre as que salientan as de Cristina Martínez, Christina Rosenvinge ou María Rodés.

MONÓLOGOS

NADAL NO
COLÓN

28 de decembro. 20:30H.

CONTOS NA LAREIRA



10€



Xeral

A tradición oral galega levada os teatros e grandes espazos escénicos.

Un show cheo de historias, lendas, contos e moito humor.

Un espectáculo que levará o público a eses tempos nos que a lareira era a televisión, o internet e o punto de encontro das familias e amigos.

Un tempo cheo de risas e tenrura, un tempo no que as luces se apagaban e só quedaba a luz da lareira...

XA-

NEI-

RO

EN FAMILIA

NADAL NO
COLÓN



3 de xaneiro. 17:00H.

PEP BOU

EXPERIÈNCES



Platea e palco central: 14€. Palco lateral: 10€.
Principal: 8€. Principal VL: 6€.



Familiar

O novo espectáculo do recoñecido artista mundial Pep Bou e o seu fascinante universo formado por pompas de xabón.

O espectáculo, estruturado con toques antolóxicos, é unha impresionante mostra dos procesos constantes de investigación do creador/alquimista no seu laboratorio. Trátase dunha síntese inédita dunha linguaxe audiovisual e teatral que fascinou públicos de todos os continentes.

Pep Bou experiències propondlle ao espectador unha viaxe cara a mundos poéticos e oníricos partindo de tres elementos sinxelos, pero esenciais: o xabón, a auga e a música en directo.

NADAL NO
COLÓN

MÚSICA



4 de xaneiro. 19:00H.

CONCERTO DE REIS

ORQUESTRA DE NENOS DA OSG



De balde

Entrada con convite. Os convites repartiranse no despacho de billetes do Teatro Colón e da Pza. Ourense.



Familiar

Formada por 83 nenos e nenas de entre 6 e 15 anos, a Orquesta de Nenos da Sinfónica de Galicia (ONSG) achega os cimentos da formación grupal necesaria para a práctica da música en orquestra sinfónica. Baixo a dirección de Jorge Montes e Enrique Igrexas Precado, a ONSG ofreceu o seu primeiro concerto público na Coruña en abril de 2011.

VENDA DE ENTRADAS

DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE:

de luns a venres (agás festivos) de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

DESPACHO DE BILLETES DO TEATRO COLÓN:

Aberto só os días de función desde unha hora antes (só se quedan entradas dispoñibles)

TELEVENDA:

902 044 226 (luns a venres de 9 a 22 h; sábados de 14 a 22 e domingos de 16 a 21 h)

Ticketea: www.ticketea.com

PARA OS ESPECTÁCULOS DE BALDE CON CONVITE:

Os convites repartiranse no despacho de billetes da Pza. Ourense de luns a venres agás festivos de 9.30 a 13.00 e de 16.30 a 19.30 h e no despacho de billetes do Teatro Colón o día da función desde 1 h antes a condición de que queden dispoñibles.

www.teatrocolon.es

